



INFORME DA REUNIÓN DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO COA XEFA TERRITORIAL E COA INSPECTORA XEFA

27 de novembro de 2015

Punto 1º Adxudicación da praza de sobredotación no EOE de Lugo

A Xunta de Persoal solicita información en relación á adxudicación da praza de sobredotación do EOE de Lugo.

A Xefa Territorial e a Inspectora Xefa expoñen que:

- na última convocatoria de méritos non había ninguén.
- que se tiña coñecemento dunha orientadora que amosou interese pola mesma e así llo fixo saber á Inspectora xefa, mantendo un encontro con ela por este motivo.
- comunícase que había constancia de dúas opcións: dunha banda, a citada persoa e doutra, unha proposta que achegan outros inspectores.
- incídese en que ambas as dúas persoas reunían un perfil idóneo.
- que vista a composición do EOE no momento actual, fíxose “case por un criterio de paridade”.

A Xunta de Persoal interésase polos criterios de idoneidade que primaron na elección dunha persoa no canto da outra e que se deben seguir os debidos criterios de transparencia e publicidade.

A Xefa Territorial aduce que se fixo de urxencia e que se ben é desexábel, “ás veces non pode ser así, polo momento do curso que era.

A Xunta de Persoal pregúntase polo argumento do “criterio de paridade”, entendendo que é ben estrano exercelo a favor dos homes neste caso e que, de todos xeitos, se así fora ben se puidera exercer o que se chama a “discriminación positiva”.

Tamén opina que a urxencia é cuestionábel, tendo en conta que houbo varias prazas deste EOE que estiveron sen cubrir durante longos períodos de tempo e que o eido da sobredotación pode admitir unha demora razoabel de tempo en virtude dun proceso publicitado e transparente.

Insístese dende a Xefatura Territorial e a xefatura de inspección que non se lle deben buscar máis motivos ao caso puntual que a urxencia e que ambas as dúas persoas eran idóneas para o posto.

A Xunta de Persoal acorda presentar un escrito sinalando que a mesma nunca foi informada deste nomeamento, agás cando xa estaba adxudicada a praza e que este órgano está en contra de calquera nomeamento que non sexa convocado públicamente



e para todo aquel profesorado que reúna as condicións para o posto. Esíxese a cobertura de todas as prazas do EOE de Lugo.

Punto 2º. Permiso de enfermidades leves inferiores a tres días

A Xefa Territorial e a inspectora xefa consideran derogado o artigo 12.

Se non houbera baixa médica por parte da traballadora ou traballador introducirase nos vinte e catro períodos lectivos correspondentes a “imprevistos” (art. 27º)

A Xunta de Persoal acorda presentar un escrito esixindo da administración educativa que informe por escrito aos centros da postura e directrices da administración a tal efecto.

Punto 3º Prazas de orientación no IES da Fonsagrada

A Xunta de Persoal pregunta polas circunstancias da adxudicación da praza de orientación, pois entre outras cousas, vai conlevar alteracións en relación a puntuacións e méritos.

A Xefa Territorial e a Inspectora Xefa aducen que se fixo en base a un procedemento de urxencia e de xeito extraordinario. Engaden que non é competencia a nivel provincial resolver, só trasladar a Recursos Humanos a conveniencia de resolver doutro xeito certas problemáticas.

A Xunta de Persoal acorda entregar un escrito no que manifesta que non encontra xustificación ningunha para este nomeamento e entende que a persoa en cuestión debe ocupar o destino que lle corresponde.

Punto 4º Problemática les Terra Chá

A Xefa Territorial e a Inspectora xefa informan á Xunta de Persoal de que:

- se reúnen circunstancias(unha vez revisados os horarios) polas que non resulta oportuno dotar de máis profesorado o centro.
- despois de manter contacto co profesorado e coa CCP: non hai horarios ilegais(e se os houbo nalgún momento, nun par de casos asináronos voluntariamente).
- existe disposición a traballar conxuntamente co centro para intentar mermar o menos posíbel a súa actividade.
- algúns agrupamentos exceden a norma.
- recoñécese que este curso o centro “pode estar algo xusto”.
- incídese na conveniencia dun mellor deseño dos itinerarios e ter unha actitude construtiva.
- abriuse a porta ao diálogo cara o vindeiro curso.
- contéplase a posíbel implantación da F.P. básica.



A Xunta de Persoal acorda agardar o desenvolvemento dos feitos antes de facer pronunciamento ningún, tendo en conta que a xuntanza coincide no tempo con reunións do propio centro con responsábeis do Servizo de Inspección. Reúnese a posteriori o martes día 1 de decembro e resolve adiar a adopción dunha decisión sobre este tema, agardando ter máis elementos de xuízo.

Punto 5º. CEE Santa María de Lugo

Infórmase á Xunta de Persoal que:

- a praza de PT e unha de coidador/a están pendentes de estudo, coa posíbel chegada de dous alumnos.
- non se atendeu antes por estar en espera a situación de escolaridade dun alumno en particular. Cómpre pensar que vai continuar e que a inspección informará favorablemente da petición de coidador, que sería unha praza de itinerante.
- infórmase en relación á petición dun administrativo que este tema transcende a competencia desta Xefatura.
- concretamente e en relación á praza de P.T. segue en estudio e “haberá que abri-la” se hai xubilación.
- coméntase que o aumento da matrícula pode que non abonde para dotar dun PT pero si para non amortizar a praza de xubilación.

A Xunta de Persoal incide na conveniencia de non cubrir a titoría dun P.T. cun A.L. e a inspectora xefa observa que non ve problema ningún nesta circunstancia.

A Xunta de Persoal acorda entregar un escrito mantendo a petición dun P.T. para o presente curso e que se habilite a dotación dunha/ dun administrativa/o para o centro, malia que sexa a tempo parcial.

Punto 6º Concurso Xeral de Traslados

Infórmase á Xunta de Persoal de que aínda non hai novas sobre a saída do CXT. Coméntase informalmente que “probabelmente si”, pero faise constar que é unha impresión.

Punto 7º. Petición de xubilacións 2015

Facílitanse á Xunta de Persoal as xubilacións do ano 2015 (que varían nunha persoa en relación á listaxe entregada a comezos de novembro) e pídenselle tamén as de 2014.